



BASES DO PROCESO SELECCIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO “XOVENES MORAÑA,PORTAS,VALGA.”

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 2º, 11º ,12º e 14ª da orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización **de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da** Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2024e 2025 (DOG 23-02-2024) e nas Instrucións en relación co procedemento de selección da Dirección Xeral de Formación e Cualificacións (data 15/03/2024), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido polos concellos de Moraña, Portas, Valga e cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia2021-2027 (código de procedemento TR353B)

As prazas de alumnos-traballadores que se convocan son:

8 prazas na especialidade de **FORESTAL (AGAR0309,AGAR0208)...Nivel 1**

8 prazas na especialidade de **ALBANELERIA (EOCB0209/EOCB0208, EOCB0108)Nivel 1**

Segunda.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.

- ◆ Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- ◆ Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuír a titulación do Graduado en ESO.
- ◆ Respectar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados ou unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- ◆ Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.





Terceira.- RELACIÓN XURÍDICA DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.

1. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos-traballadores seleccionados, serán contratados pola entidade promotora na modalidade de contrato de traballo de formación en alternancia.

2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (**O proxecto terá unha duración de 12 meses**).

Cuarta. -REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) REQUISITOS XERAIS:

1. Preferencia aqueles/as aspirantes que non teñan participado con anterioridade noutro obradoiro de emprego.

2. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.

3. **Adaptabilidade** á oferta dos postos que se van desempeñar.

4. O alumnado que se seleccione deberá **manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.**

b) REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Persoas **mozas de dezoito ou máis anos** que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no momento da selección do alumnado, **inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil** no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais deberán manter o cumprimento dos requisitos exixidos na Lei 18/2014 modificada polo Real Decreto-lei 6/2016 do 23 de decembro, con carácter previo a participar nos obradoiros de emprego.

2. Cumprir os **requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia**, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.





3. Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados profesionais de nivel de cualificación 2 ou 3, as persoas candidatas deberán cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.

4. No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro programa ou obradoiro dual de emprego non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

d) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

1. Incumprir os requisitos xerais e mínimos
2. Falta de documentación acreditativa.
3. Falsear os datos da solicitude (cuestionario).
4. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
5. **Posuír xa a formación a impartir no obradoiro de emprego, total ou parcialmente (apto ou non apto).**

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. A OFERTA DE EMPREGO, tramitada pola entidade promotora do proxecto de obradoiro na oficina de emprego correspondente por razón de domicilio, a partir do vindeiro 19-08-2024:

a) **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** Concello/os da entidade promotora do proxecto. De non atoparse candidatos suficientes (tres por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

b) **REQUISITOS ALUMNOS:** os requisitos establecidos na base cuarta.

c) Número de candidatos a remitir: **3 por posto**, cun nivel profesional de **PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3ª**.

Priorizar aqueles/as aspirantes que non teñan participado noutro obradoiro ou programa de emprego.

2. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ós candidatos a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a SOLICITUDE, e a achega **imprescindible** dos seguintes **documentos**:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida Laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral).
- Acreditación da maior Titulación académica adquirida.
- Se é o caso, acreditación das Competencias Clave adquiridas .





- Se é o caso, acreditación do seu grao e tipo de discapacidade.
- Se é o caso, Informe de itinerarios e Servizos resumidos dunha oficina de emprego

As **SOLICITUDES** realizaranse o **día indicado**, tendo que presentar nese momento **imprescindiblemente** a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

O grupo de selección valorará tódalas solicitudes e documentación presentada e publicará a lista de candidatos/as, que pasan á primeira fase do proceso de selección no taboleiro e sede electrónica da entidade promotora e taboleiro da oficina de emprego.

Se, unha vez avaliadas as solicitudes, quedan menos de dúas persoas por praza, o grupo de selección poderá citar a mais candidatos para contar con dúas persoas por praza nesta fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección dos participantes.

Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección constará dunha **primeira fase** que consistirá na celebración dunha **entrevista persoal**, co obxecto de avaliar o interese dos desempregados en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

Terá un valor máximo de 10,00 puntos.

Pasarán á fase de entrevista os candidatos, enviados pola oficina de emprego, que realicen a solicitude e cumpran cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.

As puntuacións da fase de entrevista publicarase no taboleiro e sede electrónica da entidade promotora e taboleiro da oficina de emprego.

2. Complementarase cunha **segunda fase de avaliación** das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, presentados a entrevista e que permanezan no proceso de selección, por medio dun baremo. ANEXO I.

A puntuación máxima correspondente ao baremo será de 10,00 puntos.

A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión do grupo de selección. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo.





Exporase a relación provisional destas puntuacións no taboleiro e sede electrónica da entidade promotora e no taboleiro da oficina de emprego. Nesta relación figurará o día que se concede para formular **alegacións á valoración segundo o baremo** e data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

Sétima.- VALORACIÓN FINAL.

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, o grupo de selección na correspondente sesión, procederá á súa cualificación final (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado). Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.
2. A relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego como traballadores beneficiarios do proxecto, coa indicación das especialidades formativas ás que son adscritos será exposta no taboleiro e sede electrónica da entidade promotora e no taboleiro da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe.

Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, no proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

1. Non ter participado con anterioridade nun obradoiro de emprego.
2. Teñan a maior idade.
3. Teñan o menor nivel académico.
4. Teñan menor experiencia laboral.

Novena.- LISTA DE RESERVA.

1. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.
2. No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederáse a iniciar un novo procedemento selectivo.

Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS.

1. De conformidade co previsto polo artigo 15º orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG 23-02-2024) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.





2. A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección.

Decimo primeira.- GRUPO DE TRABAJO DE SELECCIÓN

1. O Grupo de Trabajo de Selección estará formado polos seguintes membros:

- **José Ramón Pose Barrigón**, Secretario-Interventor do Concello de Moraña, en calidade de PRESIDENTE
- **María del Carmen Carracelas Rosales**, Secretaria-Interventora do Concello de Portas, en calidade de SECRETARIA
- María José Devesa Fernández**, Técnica de Emprego do Concello de Valga, en calidade de VOGAL
- Gumersindo Calvo Rey**, Administrativo do Concello de Moraña, en calidade de VOGAL
- Juan Ramón Angueira Castiñeiras**, Orientador Laboral do Concello de Valga, en
- **Miguel Ángel Maquieira Cancela**, Técnico de Emprego do Concello de Portas, en calidade de VOGAL

Se por calquera causa, no momento no que teñan as reunións do Grupo de Selección, algún dos compoñentes non puidera acudir, poder substituído por quen designe a entidade correspondente.

Nembargantes, o Grupo de Selección considerarase validamente constituído coa participación nas reunións de traballo, polo menos, de catro dos seus compoñentes.

As decisións adoptaranse pola maioría simple do grupo validamente constituído. Ademais a persoa designada como Presidente disporá do voto de calidade se fora necesario dirimir os posibles empates nas votacións.

2.- As reunións do Grupo de Selección recolleranse nas actas correspondentes

Moraña, 12 de agosto de 2024

O GRUPO DE TRABAJO DE SELECCION

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



ANEXO I**BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL**

CRITERIOS		PUNTOS
Discapacidade \geq 33% (Sempre que poidan realizar os traballos)		0,50
Idade	De 18 ata 20 anos	0,50
	De 21 ata 22 anos	1,00
	De 23 ata 24 anos	1,50
	De 25 ata < 30 anos	2,00
Experiencia laboral (Segundo vida laboral actualizada)	Ningunha	2,00
	Ata 12 meses	1,00
	> 12 meses	0,50
Nivel de Formación Académica	Baixa (que non posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P.) Ata graduado en ESO.	2,00
	Media (que posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2, FP ciclo medio ou Bachelarelato)	1,00
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,50
Non participación en obradoiros	A non participación con anterioridade noutro obradoiro de emprego	3,00
Solicitud de servizo nun IPI	Ter incluído, con anterioridade á data de resolución de adjudicación, a solicitud do servizo de obradoiros de emprego ou equivalente, nun IPI	0,50

TOTAL 10,00

◆ De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente





SOLICITUDE ALUMNOS-TRABALLADORES OBRADOIRO EMPREGO:

Apelidos _____ Nome _____

DNI _____ Data Nacemento _____ idade _____ Teléfono _____

Enderezo _____ Nº _____ Piso _____ Concello _____ C.P. _____

-FORMACIÓN ACADÉMICA. Indica a titulación que posúes na actualidade:

-Certificado estudos primarios -Graduado escolar- ESO sen aprobar

-Graduado ESO - FP1 ou Ciclo medio de

BUP.....COUBacharelato

-FP2 ou Ciclo superior de

-Proba Acceso: -CM.....-CS.....

-Proba de Acceso á universidade para maiores de 25 anos:.....

- Diplomado- Licenciado- Grao.....

Realiza estudos na actualidade ?..... Cáles ?.....

- COMPETENCIAS CLAVE establecidas para os Certificados de Profesionalidade?

-Competencia Matemática.....Nivel 2.....Nivel 3.....

-Comunicación en Lingua Castelá.....Nivel 2.....Nivel 3.....

-Comunicación en Lingua Galega.....Nivel 2.....Nivel 3.....

-Comunicación en Lingua Estranxeira (Inglés).....Nivel 2.....Nivel 3.....

NIVEL DE LINGUA GALEGA: Celga 2, Celga 3, Celga 4, Iniciación, Perfeccionamento,

-CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL REALIZADOS (Inem, Xunta Galicia).

- Centro.....Curso.....Duración.....meses, ano

- Centro.....Curso.....Duración.....meses, ano

-Foi ALUMNO dalgunha Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego?

.NO

.SI: Escola/ObradoiroEspecialidade..... Data.....

-POR QUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE PROXECTO?.....





.....
-QUE ESPERA OBTEN CON ESTE OBRADOIRO DE EMPREGO?

.....
-EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacione os distintos traballos realizados:

.....
-ASINOU ALGÚN CONTRATO DE APRENDIZAXE-FORMACIÓN?

-TEN PLANIFICADO ALGÚN ITINERARIO PROFESIONAL DE INSERCIÓN?.....

En caso afirmativo, está prevista a realización dun obradoiro de emprego no seu itinerario?.....

Especialidade?.....

-PERCIBE PRESTACIÓN OU SUBSIDIO DE DESEMPREGO?.....

-PERCIBE ALGÚN OUTRO TIPO DE AXUDA ECONÓMICA (RAI, RISGA.....)?

-PERTENCE ALGÚN COLECTIVO DESFAVORECIDO OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL?(En caso afirmativo, terá que acreditarlo)

-POSÚE VOSTEDE ALGUNHA DISCAPACIDADE?..... INDIQUEA (En caso afirmativo, terá que acreditarlo),.....

-CANTOS MEMBROS CONSTITÚEN A SÚA UNIDADE FAMILIAR?..... Cantos ten ingresos?.....

-POSÚE VOSTEDE ALGÚN PROBLEMA QUE LLE IMPIDA DESENVOLVER O TRABALLO CON NORMALIDADE?

.....
Declaro baixo a miña responsabilidade que tódolos datos anteriores son certos.

..... de de 2024
Sinatura

